



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Lage Tuñas e Xoaquín Fernández Leiceaga, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os fondos europeos de carácter estrutural coñecidos como IFOP, remataron a súa aplicación no ano 2006 despois da última reforma da PCP, e foron un instrumento político-administrativo que axudou á renovación e modernización dos buques pesqueiros.


Co obxecto de facer unha avaliación da aplicación destes fondos en Galicia relacionada coa construción e modernización de buques, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- No período 2000-2006 cal foi a totalidade de buques pesqueiros galegos modernizados ao amparo dos fondos IFOP?
- 2.- Para o mesmo período, que número de buques pesqueiros galegos foron renovados coas axudas estruturais?
- 3.- Cantos destes buques, separadamente a modernización e a renovación, pertencen á flota artesanal?
- 4.- A que portos pertencen os buques artesanais modernizados ou renovados e cantos deles se acolleron a estas axudas en cada porto?
- 5.- Que tipo de reformas, no caso da modernización con fondos estruturais, foron as máis solicitadas e as máis concedidas?
- 6.- A cantos buques se lle denegou a solicitude de axudas para modernización, a cantos para renovación, cantos dos denegados pertencían á flota artesanal?
- 7.- Cales foron os principais motivos da denegación de axudas?

Pazo do Parlamento, 15 de marzo de 2007

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

..... **José Manuel Lage Tuñas na data 15/03/2007 10:24:58**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/03/2007 10:25:06